

## POR QUE NON TRABALLAMOS EN EQUIPO? Obradoiro de habilidades sociais e directivas

### OBXECTIVOS:

- Desenvolver as habilidades persoais claves no traballo colaborativo.
- Coñecer recursos e metodoloxías que nos axudan a traballar e mellorar as habilidades sociais.
- Descubrir e aplicar as habilidades persoais nun contorno cooperativo.

### PROGRAMA:

- **MÓDULO 1.-** ACHEGÁNDONOS AO XEITO DE TRABALLAR NA COOPERATIVA.
- **MÓDULO 2.-** DESENVOLVENDO HABILIDADES PARA O TRABALLO GRUPAL.

### CONTIDOS:

- 1º sesión.-** Contextualización do obradoiro: Presentación da Rede Eusumo; presentación de Ugacota; presentación do obradoiro e da sesión. Presentación das persoas participantes. Como se traballa nunha cooperativa? Cooperativismo: Principios e Valores; Organización societaria, participación. Habilidades persoais e habilidades para a vida: Que son as Habilidades Sociais; Autoestima e Autoconecemento.
- 2º sesión.-** A Comunicación: Comunicación verbal e non verbal. A escoita activa. A asertividade. Barreiras na Comunicación. A Empatía
- 3º sesión.-** Traballo en Equipo: O grupo vs. O equipo. Características do traballo en equipo. Vantaxes e inconvenientes. Fases de maduración do equipo. Os roles nos equipos de traballo. Técnicas e dinámicas de grupo.
- 4º sesión.-** Toma de decisións. Tipos de decisión. A toma de decisión en grupo, vantaxes e inconvenientes. A toma de decisións por consenso. Fases e factores que inflúen na toma de decisións.
- 5º sesión.-** Resolución de conflitos. Que entendemos por conflito? Tipos de conflito. Factores e estratexias para a resolución de conflitos. Estilos de resolución de conflitos.

### METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate.

A acción formativa configúrase en 5 sesións de 5 horas de duración cada unha. En cada sesión traballarase sobre unha habilidade específica, desenvolvendo dinámicas e actividades colaborativas e contextualizando a actividade no marco da xestión da cooperativa.

### CONFIGURACIÓN E DATAS PREVISTAS

Está previsto realizar 3 edicións deste obradoiro nas seguintes datas: do 11 ao 15 de xuño, do 30 de xullo ao 3 de agosto e do 12 ao 16 de novembro de 2012.

O obradoiro está pensado para un grupo de entre 10 e 15 persoas. Diríxese ao público en xeral, tanto persoas en activo (prioridade a socias e asalariadas de cooperativas) como a persoas actualmente en desemprego.

Precisaríase un aula dotada de medios didácticos e audiovisuais (pizarra, canón, conexión a internet) e un mobiliario que permita cambios de configuración na aula para as actividades dinámicas.

Está pensado para desenvolverse en 5 sesión de cinco horas de duración, en quenda de mañá ou de tarde, en función da dispoñibilidade das persoas participantes.